RESOLUCIÓN REITORAL DO 23 DE NOVEMBRO DE 2026 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA PARA ACTUALIZAR AS LISTAXES DE PERSOAS ACREDITADAS A PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A OU PERMANENTE LABORAL

O Consello de Goberno, na súa sesión de 20 de decembro de 2024, aprobou o Procedemento e criterios de prelación para a selección de áreas para a saída a concurso de prazas de Profesorado permanente laboral a tempo completo na Universidade de Vigo.

Entre as medidas aprobadas, establécese a elaboración e publicación dunha listaxe co PDI consolidable da Universidade de Vigo acreditado a Profesor/a contratado doutor ou Profesor/a permanente laboral, que non estea incluído/a na listaxe de acreditados a Profesor/a titular de universidade en vigor.

Esta reitoría resolve:

- Publicar a convocatoria, e as bases que a regulan, para actualizar as listaxes de persoas acreditadas a Profesor/a contratado/a doutor/a ou Profesor/a permanente laboral.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a reitora no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xullo).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de
interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposiciónda Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A reitora
Por delegación R.R. 2/07/2026 (DOG 8/07/2026)
A vicerreitora de Persoal Docente e Investigador

Rebeca P. Díaz Redondo

Documento asinado electrónicamente conforme á normativa vixente. A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio https://sede.uvigo.gal CÓDIGO CSV:JJFDHSPL7LWN44UU

Asinado na data e na hora 23/11/2026 09:21 por DIAZ REDONDO REBECA-PILAR - ***3126**

Este documento foi asinado electronicamente conforme á normativa vixente.

ANEXO

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA PARA ACTUALIZAR AS LISTAXES DE PERSOAS ACREDITADAS A PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A OU PERMANENTE LABORAL

1. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é a elaboración da listaxe de profesorado a tempo completo acreditado a Profesor/a contratado/a doutor/a ou Profesor/a permanente laboral para establecer a prelación consecuente cos criterios aprobados no acordo de Consello de Goberno do 20 de decembro de 2024.

2. Requisitos

As persoas que soliciten a súa inclusión nas listaxes deberán reunir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- Ser PDI consolidable da Universidade de Vigo
- Estar en posesión da acreditación a Profesor/a contratado doutor ou a Profesor/a permanente laboral pola ANECA ou a ACSUG.

3. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, xunto coa acreditación, presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo mediante unha instancia xenérica SXER, dirixida á Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador e indicando no asunto "Acreditación PPL".

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte á publicación desta convocatoria e rematará o 20 de decembro de 2026 (incluído).

4. Criterios de ordenación e procedemento

Os criterios de ordenación e procedemento serán os establecidos no mencionado acordo de Consello de Goberno.

O profesorado incluído na listaxe poderá solicitar, unha vez chegada a quenda para a saída a concurso da praza, pasar ao final da mesma.

Así mesmo, se en calquera momento do procedemento, algunha das persoas solicitantes non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria e fose de coñecemento da vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador, a reitora acordará a súa exclusión, previa audiencia da persoa interesada e sen prexuízo da responsabilidade na que puidese incorrer.

5. Publicación da listaxe provisoria, prazo de emenda e listaxe definitiva

A Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador publicará unha listaxe provisoria de solicitudes no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo e abrirá un prazo de

Documento asinado electrónicamente conforme á normativa vixente. A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio https://sede.uvigo.gal CÓDIGO CSV:JJFDHSPL7LWN44UU

Asinado na data e na hora 23/11/2026 09:21 por DIAZ REDONDO REBECA-PILAR - ***3126**

Este documento foi asinado electronicamente conforme á normativa vixente.

emenda de 10 días hábiles, que se contarán dende o día seguinte á publicación da listaxe. As alegacións deberán presentarse na sede electrónica da Universidade de Vigo mediante unha instancia xenérica SXER, dirixida á Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador indicando no asunto "Emenda acreditación PPL".

Despois de revisar as emendas, a Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador publicará a resolución coa listaxe definitiva.

As listaxes provisorias e definitivas publicaranse tamén, para efectos informativos, no portal de Convocatorias da Universidade de Vigo.

Documento asinado electrónicamente conforme á normativa vixente. A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio https://sede.uvigo.gal CÓDIGO CSV:JJFDHSPL7LWN44UU

Asinado na data e na hora 23/11/2026 09:21 por DIAZ REDONDO REBECA-PILAR - ***3126**

Este documento foi asinado electronicamente conforme á normativa vixente.